

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 8 DE OUTUBRO DE 2025
POLA QUE SE ENGADE UNHA OFERTA NA
CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN
DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN
FORMACIÓN ASOCIADO AOS «PROYECTOS DE
GENERACIÓN DE CONOCIMIENTO 2024».**

A Universidade de Vigo publicou a Resolución reitoral de 6 de outubro de 2025 pola que se convocan as axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociado aos «Proyectos de Generación de Conocimiento» no que se ofertaban doce postos.

Tendo coñecemento posterior de que o proxecto **PID2024-155362NA-I00** ten concedida tamén unha axuda para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación, vistas a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro: Engadir unha oferta de persoal investigador predoutoral en formación asociado ao proxecto PID2024-155362NA-I00 no anexo II das bases da convocatoria cos seguintes datos:

PRAZA	REFERENCIA	IPs	TÍTULO PROXECTO	CENTRO	ÁREA TEMÁTICA
13	PID2024-155362NA-I00	Ana Covelo Fernández	Papel das mitocondrias do Núcleo accumbens no control da inxesta	CINBIO	Biociencias e biotecnoloxía

Segundo: Engadir a ficha que acompaña a esta resolución ao anexo III das bases da convocatoria.

Terceiro: Modificar a base segunda da convocatoria de axudas do seguinte xeito:

onde di:

«Convócanse 12 axudas para a contratación de persoal investigador en formación de nova adxudicación de 4 anos sen posibilidade de prórroga,»

Debe dicir:

«Convócanse 13 axudas para a contratación de persoal investigador en formación de nova adxudicación de 4 anos sen posibilidade de prórroga,»



Terceiro: Modificar o formulario de solicitude conforme ao anexo I desta resolución.

Cuarto: Ampliar o prazo de presentación de solicitudes ata o 5 de novembro de 2025.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación



PRAZA 13 - PID2024-155362NA-I00

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Papel das mitocondrias do Núcleo accumbens no control da inxesta.**Breve descrición das tarefas que desenvolverá o persoal investigador predoutoral contratado:**

- Manexo de líneas de ratos. Realización de ciruxías estereotáxicas e experimentos de comportamento.
- Realización de experimentos de electrofisioloxía tanto en cortes de cerebro como en cultivos celulares.
- Realización de experimentos de fotometría por fibra óptica.
- Análise de datos con software especializado ou con código de Matlab ou Python

Investigador/a principal: Ana Covelo Fernández**Área temática:** Biociencias e biotecnoloxía**Criterios de avaliación:**

CRITERIO 1. TRAXECTORA ACADÉMICA E/OU CIENTÍFICO TÉCNICA		
Subcriterio	Concepto	Puntuación máxima
Achegas científico-técnicas	Expediente académico en máster en Neurociencia ou áreas relacionadas	5
Achegas científico-técnicas	Capitación no uso de animais de laboratorio	5
Achegas científico-técnicas	Experiencia en técnicas de electrofisioloxía	25
Achegas científico-técnicas	Experiencia en ciruxías estereotáxicas	5
Achegas científico-técnicas	Experiencia en Matlab ou Python	5
Total subcriterio		45
Mobilidade e internacionalización	Estadías en centros de investigación nacionais ou internacionais	3
Mobilidade e internacionalización	Nivel de inglés	2
Total subcriterio		5
Total criterio		50

CRITERIO 2. ADECUACIÓN ÁS ACTIVIDADES INVESTIGADORAS DO PROXECTO	
Concepto	Puntuación máxima
Adecuación da persoa candidata en función da súa formación	10
Adecuación da persoa candidata en función da súa experiencia previa	20
Valor engadido para a carreira investigadora da persoa contratada	10
Valor engadido para o centro e equipo receptor	10
Total criterio	50

Comisión de selección:

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidencia	Ana Covelo Fernández, investigadora Ramón y Cajal, departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo.
Secretaría	José Antonio Lamas Castro, profesor titular de universidade do departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo.
Vogal	Lucas Carmelo González Matías, profesor titular de universidade do departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde da Universidade de Vigo.
Suplente	María África González Fernández, catedrática de universidade do departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía da Universidade de Vigo.



ANEXO I

AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN
ASOCIADO A «PROYECTOS DE GENERACIÓN DEL CONOCIMIENTO 2024»ANEXO IV - FORMULARIO DE SOLICITUDE

I- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos e nome:		
DNI:	Xénero	
Enderezo:		
Teléfono:		
Enderezo electrónico:		
Matrícula nun programa de Doutoramento para o curso 2025/2026	SI	NON

II. PROXECTO/S PARA O/S QUE SE PRESENTA POR ÁREA TEMÁTICA:

CIENCIAS E TECNOLOXÍAS MEDIOAMBIENTAIS

PRAZA 1 - PID2024-156623OB-C21 Modelado e análise do crecemento do fitoplancton nas Rías: investigando cambios en produtividade e fitoplancton tóxico-SUB1.

PRAZA 2 - PID2024-155998OB-I00 Desenvolvementos funcionais e biocompatibles de próxima xeneración para usos cosméticos e terapéuticos a partir de biopolímeros e bioactivos de residuos algales e agroforestais.

PRAZA 3 - PID2024-155515NB-I00 Avance na comprensión das sequías e episodios compostos de sequía e ondas de calor en clima actual e futuro vía modelización lagrangiana de transporte de humidade e calor.

MENTE, LINGUAXE E PENSAMENTO

PRAZA 4 - PID2024-157009NB-I00 Variación morfosintáctica nos novos ingleses: explorando o inglés de Xibraltar en contexto.

BIOCIENCIAS E BIOTECNOLOXÍA

PRAZA 5 - PID2024-155307OB-I00 Mecanismos subcorticais de codificación da saliencia e control da mirada.

PRAZA 6 - PID2024-155625NB-I00 Determinantes xenómicos e transcriptómicos da adaptación na evolución do cancro.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

PRAZA 7 - PID2024-162270OB-I00 Comunicacións cuánticas prácticas, sinxelas e seguras.

ENERXÍA E TRANSPORTE

PRAZA 8 - PID2024-156054OB-C21 Optimización enerxética consciente para edificios.

PRAZA 9 - PID2024-156356OB-I00 Optimización global do despregue loxístico de drons para unha resposta rápida ante catástrofes naturais.

PRODUCCIÓN INDUSTRIAL, ENXEÑARÍA CIVIL E ENXEÑARÍAS PARA A SOCIEDADE

PRAZA 10 - PID2024-157803OB- Do edificio ao barrio:xemelgos dixitais como soporte ao desenvolvemento urbano centrado nas persoas.



PRAZA 11 - PID2024-155465OB Resiliencia e optimización das unidades de blindaxe de rompeondas en aplicacións reais de enxeñería mediante modelado numérico.

CIENCIAS AGRARIAS E AGROALIMENTARIAS

PRAZA 12 - PID2024-161284OB-C21 Solucións enzimáticas azuis para obter novos ingredientes prebióticos e simbióticos a partir de macroalgas para aplicacións alimentarias.

BIOCIENCIAS E BIOTECNOLOXÍA

PRAZA 13- PID2024-155362NA-I00 Papel das mitocondrias do Núcleo accumbens no control da inxesta.

III. DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

Copia do pasaporte, no seu caso.

Copia da certificación académica do grao.

Copia da certificación académica do mestrado.

Equivalencia das notas medias de estudos universitarios realizados no estranxeiro.

Curriculum vitae abreviado conforme a modelo normalizado <https://cvn.fecyt.es/>

A persoa solicitante **DECLARA** a certeza dos datos consignados no CV asociado a esta solicitude e manifesta coñecer as bases da presente convocatoria, comprometéndose, no caso de serlle concedida, a cumprir as condicións exixidas e a comunicar á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade e **SOLICITA** a admisión a trámite desta solicitude.

Así mesmo, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e que non teño pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública así como me comprometo a manterme ao corrente das devanditas obrigas durante todo o tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

En _____, de _____ de 2025

